



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE XUÑO DE 2016

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Don Francisco García Díos.

Concelleiros ^{as}ausentes:

Dona Lorena Couso Dopazo.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día dous de xuño de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 19 DE MAIO DE 2016.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o dezanove de maio de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE INTEGRACIÓN NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE PADRÓN DAS E DOS VIXIANTES, AUXILIARES OU INTERINOS QUE PRESTEN SERVIZOS NESTE CORPO, EN EXECUCIÓN DO PREVISTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DA LEI 4/2007, DO 20 DE ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA, E CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO. EXPTE. 02/2016-SPFC.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de abril de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Primeiro. O 18 de febreiro de 2016 notificouse á representación procesal deste Concello no PA

571/2015 a sentenza ditada polo Maxistrado-Xuíz do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela de data 16 de febreiro de 2016, na que se falla:

"1.- Se estima parcialmente el recurso contencioso-administrativo nº 571/2015, interpuesto por don Oscar Ozores Tarela, contra la desestimación por silencio de la solicitud presentada el 16 de febrero de 2015 de que de acuerdo con las normas establecidas se lleva a cabo la integración del recurrente como Policía Local al cumplir con todos y cada uno de los requisitos exigidos en la Ley 7/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policías Locales, en concreto lo que dispone la Disposición Adicional Segunda sobre integración de los vigilantes y auxiliares de policía o interinos en los cuerpos de Policía Local, con todos los pronunciamientos de carácter económico, administrativo y aquellos otros que sean de obligado cumplimiento, aplicándose estos desde el momento en que se cumplió el plazo previsto para la integración.

2.- Se anula dicha desestimación por silencio, ordenándose al Concello de Padrón a que proceda conforme a lo dispuesto en el fundamento de derecho quinto de la presente resolución."

Segundo. O fundamento de dereito quinto desta sentenza ordena "al Concello de Padrón a que, previa audiencia del ahora recurrente, examine y verifique el cumplimiento por dicho recurrente de los requisitos establecidos en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locales, y normativa de desarrollo, debiendo de dictar resolución expresa respecto de la concurrencia o no en D. Oscar Ozores Tarela de los requisitos establecidos, y, en caso afirmativo, respecto de la procedencia de la convocatoria del concurso-oposición a que hace referencia la reiterada Disposición Adicional Segunda, convocatoria que deberá acordarse, dado el carácter imperativo de la normativa, salvo que existan obstáculos o impedimentos para la realización efectiva del referido concurso oposición que, en ese caso, habrán de concretarse y justificarse debidamente en la resolución que se dicte."

Terceiro. O 30 de marzo de 2016 ten entrada no rexistro municipal oficio do/a Secretario/a Xudicial do Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 no que comunica a firmeza da devandita sentenza.

Cuarto. Por Resolución 206/2016, do 11 de abril, ordénase ao departamento de secretaría a verificación do cumprimento por parte de don Oscar Ozores Tarela do requisito de ter unha antigüidade mínima de 3 anos de servizos continuados nesta entidade local como auxiliar da Policía Local e de estar prestando servizos como auxiliar da policía local de Padrón na data de entrada en vigor da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e requerir ao señor Ozores Tarela para que acredite estar en posesión da titulación mínima esixida ou ben de ter superado algún dos cursos específicos, impartidos pola Academia Galega de Seguridade Pública, de dispensa dese grao de titulación.

Quinto. O 13 de abril de 2016 a secretaria do Concello expide certificación acreditativa de que cumpre os requisitos enumerados anteriormente e o 18 de abril o señor Ozores Tarela presenta copia cotexada do certificado expedido o 14 de xullo de 2008 pola directora xeral da Academia Galega de Seguridade Pública de que superou o 1º Curso de Dispensa de Grao.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. A disposición adicional segunda da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece que:

"Os vixilantes e auxiliares de policía e interinos, cunha antigüidade mínima nestes postos de tres anos continuados na respectiva entidade local e que no momento da entrada en vigor desta lei estean prestando servizos no concello de que se trate, integraranse no corpo de Policía local xa existente ou no que se cree, tras a superación, nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei e por un máximo de dúas convocatorias, dun concurso-oposición con dispensa dos requisitos de idade e estatura. Á titulación exixida no devandito concurso equipárase a superación dun curso específico que para tal efecto impartirá a Academia Galega de Seguridade Pública".

Segundo. En desenvolvemento da anterior lei publícase o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que tamén a



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

prevé este procedemento extraordinario na súa disposición transitoria terceira, engadindo que o concurso-oposición que deberán superar as persoas que reúnan aqueles requisitos, "*desenvolverase de acordo co que se determine mediante orde da consellería competente en materia de seguridade*".

Terceiro. O 2 de febreiro de 2009 publícase no Diario Oficial de Galicia número 22, a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos.

Cuarto. En execución do previsto anteriormente ordénase á secretaria municipal, por Providencia do do señor Alcalde do 25 de abril de 2016, a elaboración dunha proposta de bases para rexir o procedemento de integración do persoal do servizo da policía local de Padrón que se atope nesta situación. Elaboradas estas son sometidas á fiscalización da intervención municipal.

Quinto. De acordo ao establecido nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 6 do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local e o 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as bases que rexen os procedemento de selección do persoal funcionario deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia e un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

Sexto. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, delegadas na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Aprobar as bases que rexerán o procedemento extraordinario de integración no corpo da Policía Local de Padrón das e dos vixilantes, auxiliares ou interinos que presten servizos neste corpo, en execución do previsto na disposición adicional segunda da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, mediante o sistema de concurso-oposición, e de acordo á proposta que consta no expediente, asinada o 26 de abril de 2016 pola secretaria municipal.

Segundo. Convocar o procedemento selectivo, expte. 02/2016-SPFC, para a integración das persoas que presten servizos no corpo da Policía Local de Padrón e que reúnan os requisitos que se enumeran nas bases, como funcionarias/os de carreira deste corpo pertencentes á escala básica, categoría de policía, o que se fará público mediante a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado e ademais o texto íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo e do texto íntegro das bases aprobadas ao Delegado de persoal deste Concello para os efectos do establecido no artigo 71.4 do Convenio colectivo e acordo regulador do persoal ao servizo do Concello de Padrón, así como á intervención municipal.

Cuarto. Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde deste Concello, no prazo dun mes contado desde o día de publicación das bases ou da convocatoria no Boletín Oficial correspondente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar as bases que rexerán o procedemento extraordinario de integración no corpo da Policía

Local de Padrón das e dos vixilantes, auxiliares ou interinos que presten servizos neste corpo, en execución do previsto na disposición adicional segunda da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, mediante o sistema de concurso-oposición, e de acordo á proposta que consta no expediente, asinada o 26 de abril de 2016 pola secretaria municipal.

Segundo. Convocar o procedemento selectivo, expte. 02/2016-SPFC, para a integración das persoas que presten servizos no corpo da Policía Local de Padrón e que reúnan os requisitos que se enumeran nas bases, como funcionarias/os de carreira deste corpo pertencentes á escala básica, categoría de policía, o que se fará público mediante a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado e ademais o texto íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo e do texto íntegro das bases aprobadas ao Delegado de persoal deste Concello para os efectos do establecido no artigo 71.4 do Convenio colectivo e acordo regulador do persoal ao servizo do Concello de Padrón, así como á intervención municipal.

Cuarto. Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde deste Concello, no prazo dun mes contado desde o día de publicación das bases ou da convocatoria no Boletín Oficial correspondente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

3.- DACIÓN DE CONTA DA ANULACIÓN DA LICENZA DE OBRA CONCECIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11 DE XUÑO DE 2007 A ROYCÓN GALICIA SL, EXPTE. 104/2007, POR SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 11 DE MARZO DE 2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 30 de maio de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución do señor Alcalde número 764/2013, do 27 de novembro, acordouse suspender os efectos da licenza urbanística concedida a ROYCON GALICIA, SL, para a construción de 8 vivendas pareadas en Agro de Piñor de Arriba, no lugar de Pazos, por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión realizada o 11 de xuño de 2007 (expediente 104/2007) por entender que o seu contido incumpre as normas relativas ao aproveitamento urbanístico, superficie e volume máximo edificables, ocupación permitida da superficie das parcelas e as condicións da edificación establecidas para o solo de núcleo rural, todas eles constitutivos de infracción grave segundo os apartados a) e b) do artigo 217 da LOUG; paralizar as obras que se poideran executar ao abeiro da licenza que se suspende; e dar traslado ao órgano xurisdiccional competente para os efectos do establecido no artigo 127 da LXCA.

Segundo. O mesmo día 27 de novembro de 2013 solicítase ao Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela a admisión a trámite da solicitude e posterior pronunciamiento sobre a nulidade ou conformidade a dereito do acordo suspendido.

Terceiro. O Xulgado do Contencioso-administrativa número 2 de Santiago de Compostela, por sentenza do 17 de xuño de 2014, estima o recurso interposto (nº 676/2013) confirmando a Resolución do Alcalde 764/2013.

Cuarto. Roycon Galicia, SL, interpón recurso de apelación contra esta sentenza ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (RA 4444/2014). Este, por sentenza do 3 de decembro de 2015, estima o recurso e devolve as actuacións ao Xulgado de instancia para que dicte nova sentenza decidindo sobre a anulación ou confirmación da licenza obxecto do recurso.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Quinto. O 11 de marzo de 2016 o Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de Santiago dita sentenza de novo na cal acorda estimar o recurso 676/2013 interposto polo Concello de Padrón e se anula a licenza outorgada.

Sexto. O 3 de maio de 2016 ten entrada no rexistro municipal a comunicación do Xulgado acreditando que esa última sentenza é firme para que no prazo de 10 días se leve a puro e debido efecto.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o procedemento descrito no artigo 127 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA) e a firmeza da sentenza ditada o 11 de marzo de 2016.

Segundo. Considerando que o órgano competente para o otorgamento das licenzas de obras é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoñío á Xunta de Goberno.

Primeiro. Dar conta da anulación, por Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de Santiago de Compostela do 11 de marzo de 2016 (SAA 676/2013), da licenza de obras concedida a concedida a ROYCON GALICIA, SL, para a construción de 8 vivendas pareadas en Agro de Piñor de Arriba, no lugar de Pazos, por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión realizada o 11 de xuño de 2007 (expediente 104/2007).

Segundo. Dar traslado da presente toma de coñecemento ao servizo de urbanismo.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Dar conta da anulación, por Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de Santiago de Compostela do 11 de marzo de 2016 (SAA 676/2013), da licenza de obras concedida a concedida a ROYCON GALICIA, SL, para a construción de 8 vivendas pareadas en Agro de Piñor de Arriba, no lugar de Pazos, por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión realizada o 11 de xuño de 2007 (expediente 104/2007).

Segundo. Dar traslado da presente toma de coñecemento ao servizo de urbanismo.

4.- SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE BANDÍN, FORMULADA POR DON SERGIO SUÁREZ BANDÍN. EXPEDIENTE 3/2016/LPO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de maio de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 11 de abril de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3159, solicitude de licenza municipal de cédula de habitabilidade de vivenda sita no lugar de Bandín, con referencia catastral 2224702NH3322S0001OQ, formulada por D. Sergio Suárez Bandín. Non se achega documentación adicional algunha.

Segundo. En data 2 de maio de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3776, escrito do solicitante adxuntando certificado final da dirección da obra asinado polo arquitecto técnico D. Jesús Balaña de Jesús de data 8 de maio de 2016.

Terceiro. En data 31 de maio de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente a concesión da licenza solicitada.

Cuarto. En mesma o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a concesión da licenza solicitada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Tendo en conta o referido no informe técnico municipal e no informe xurídico de data 31 de maio de 2016, argumentos que son asumidos pola presente proposta coma motivación, de conformidade co establecido no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC),

Segundo. Considerando que resulta competente para o outorgamento da licenza a Xunta de Goberno Local, tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Sergio Suárez Bandín licenza de primeira ocupación da vivenda sita no lugar de Bandín con referencia catastral 2224702NH3322S0001OQ, Carcacia, conforme a documentación de final de obra obrante no expediente 3/2016/LPO.

Segundo. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Terceiro. Dar traslado do acordo adoptado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación, así coma da discrepancia no orzamento do final de obra respecto ao que figura na liquidación do ICIO da licenza de obra, aos efectos que procedan.

Cuarto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Quinto. Incorporar copia do presente acordo ao expediente de solicitude de licenza de obra 215/2005.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Sergio Suárez Bandín licenza de primeira ocupación da vivenda sita no lugar de Bandín con referencia catastral 2224702NH3322S0001OQ, Carcacia, conforme a documentación de final de obra obrante no expediente 3/2016/LPO.

Segundo. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Terceiro. Dar traslado do acordo adoptado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación, así coma da discrepancia no orzamento do final de obra respecto ao que figura na liquidación do ICIO da licenza de obra, aos efectos que procedan.

Cuarto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Quinto. Incorporar copia do presente acordo ao expediente de solicitude de licenza de obra 215/2005.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE PARCELA EN TRAVESÍA IRIA, IRIA FLAVIA, FORMULADA POR DON ÁNGEL CALVIÑO OTERO. EXPEDIENTE 88/2013.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de maio de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 28 de xuño de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5332, solicitude de licenza municipal de obras para a construción de peche de parcela sita na travesía Iria, no Lugar de Iria Flavia, con referencia catastral 8127313NH2382, formulada por D. Ángel Calviño Otero. Achégase coa solicitude orzamento e fotografías.

Segundo. En data 11 de setembro de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7187, nova solicitude de licenza ampliando o obxecto da anteriormente formulada. Achégase coa solicitude cartografía catastral e do PXOM da finca obxecto da solicitude, novo orzamento, fotografías e resgardo de pagamento de taxas pola expedición de informes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, así coma copia da solicitude de autorización do citado organismo para obras en zona de policía.

Terceiro. En data 30 de novembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio, para as mesmas.

Cuarto. En data 2 de decembro de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial.

Quinto. En data 18 de abril de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3357, resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 12 de abril de 2016, que autoriza as obras solicitadas.

Sexto. En data 9 de maio de 2016 o solicitante achega copia da citada resolución.

Sétimo. En data 19 de maio de 2016 ten entrada no Concello resolución de data 12 de maio de 2016 da dirección de Augas de Galicia que autoriza as obras solicitadas.

Oitavo. En data 30 de maio de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Nembargantes, en ausencia de réxime transitorio establecido pola nova norma, entendemos que procede aplicar a LOUG á solicitude dado que era a norma en vigor ao tempo da solicitude, máxime tendo en conta que transcorriu sobradamente o prazo establecido na mesma norma para a tramitación das solicitudes de licenzas de obras menores (1 mes) e de obras maiores (3 meses), e que a excesiva dilación na tramitación do expediente, debida á ausencia de resolución do expediente de autorización de augas de Galicia, non é en ningún caso imputable ao solicitante, ao que se lle depararía un maior prexuízo se agora se lle exixise a adaptación da solicitude á nova normativa, tendo en conta que ésta entrou en vigor case tres anos máis tarde da presentación da solicitude.

Segundo. Entendese axeitada a calificación da obra como menor, en virtude do artigo artigo 195.3 da

LOUG que sinala que *"...consideraranse como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servicios de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten o deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de tódalas clases"*.

A intervención solicitada consiste na construción dun peche perimetral de parcela polos seus ventos norte, sur (fronte ao camiño), e oeste. Proxéctase un peche composto dun corpo opaco de fábrica de bloque e formigón armado, revestido e pintado, cunha altura media de 0,90 metros, coa colocación de postes intermedios encaixados na fábrica opaca cunha separación aproximada de 3,00 metros, con malla de rede metálica, ata acadar os 2,20 metros de altura máxima sobre a rasante do terreo en contacto co peche polo exterior.

O concepto de obra menor ven sendo elaborado xurisprudencialmente en torno ao concepto de intervencións de mero mantemento ou necesarias para a habitabilidade do inmovible, e abarcan dende o troco de cubertas ou a renovación de elementos exteriores, dobres xanelas e carpinterías exteriores ata intervencións no interior da vivenda como construción dun aseo ou cuarto de baño, renovar zonas húmidas e canalizacións... en todo caso, o presente suposto resulta incardinable na categoría descrita e polo tanto se atopa excluído, conforme o disposto polo mesmo artigo 195 da LOUG, da necesidade de aportación de proxecto elaborado por técnico competente, resultando bastante un simple orzamento e unha descripción das obras a realizar. Non existen polo tanto por esta banda impedimentos para a concesión da licenza solicitada.

Segundo. A finca obxecto de actuación sitúase en terreos cualificados polo planeamento municipal coma SOLO URBA RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI) parcialmente, e coma SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (NU).

O planeamento municipal non se atopa adaptado á LOUG, polo que debemos aplicar o réxime transitorio establecido pola mesma para tal suposto. Nos casos de terreos clasificados coma urbanos polo planeamento non adaptado, lles resulta de aplicación o disposto pola LOUG para o solo urbano consolidado. (Disposición transitoria primeira da LOUG), e no caso dos terreos cualificados coma non urbanizables, lles resulta de aplicación conforme a mesma normativa o disposto na LOUG para o solo rústico.

O uso previsto polo planeamento para o solo URFI é o residencial e outros usos compatibles. Nembargantes nada obstaculiza a facultade de tódolos propietarios de cercar as súas fincas nos casos en que non existe edificación na mesma ou ben a existente non abarca os lindeiros, facultade recoñecida polo Código Civil. De feito o propio planeamento na súa ordenanza xeral 2.12 "cercas e cerramentos" regula os peches en solos urbanos, determinando que os mesmos terán a mesma configuración que a determinada para os solos non urbanizables no fronte de parcela. Esta mesma normativa resulta de aplicación no caso do solo rústico, sendo o peche proxectado así mesmo compatible con tal tipo de solo.

Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente, as dimensións, materiais e configuración do peche proxectado cumpren co disposto pola ordenanza de aplicación.

Terceiro. A finca obxecto de actuación se sitúa dentro de protección dun Ben de Interese Cultural (BIC) establecida polo Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara Paraxe Pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia e o cemiterio de Adina.

A inclusión nun conxunto histórico calificado coma BIC conleva a obriga de contar co informe favorable da Comisión Territorial de Patrimonio da Consellería de Cultura, conforme ó establecido no artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia. No presente suposto cóntase coa preceptiva autorización a medio de resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 12 de abril de 2016, que autoriza as obras solicitadas. A intervención, polo tanto, non contravén os parámetros urbanísticos ou de conservación do



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

inmoble.

Cuarto. A finca está situada a menos de 100 metros da marxe dereita do río Sar. Este feito inclúe o inmoble dentro da zona de policía de cauces determinada pola lexislación sobre augas, e en virtude do disposto polo artigo 78 vixente Regulamento do Dominio Público Hidráulico e a vixente Lei de Augas, as construcións nesta zona precisarán autorización previa do organismo de conca.

No presente caso tramitouse a correspondente autorización perante o Organismo Autónomo Augas de Galicia, polo que se dá cumprimento aos preceptos transcritos. A licenza en todo caso outorgarase con sometemento ás condicións determinadas pola resolución de data 12 de maio de 2016 da dirección de Augas de Galicia que autoriza as obras solicitadas.

Quinto. Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención solicitada.

Sexto. Dado que a liña de peche e o límite da parcela cingúese á aliñación marcada pola cartografía do PXOM, non procede maior recuado con respecto ao vial a que da fronte. De acordo co exposto no informe técnico municipal, non procede tampouco cesión a viais pola mesma razón.

Sétimo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Ángel Calviño Otero licenza municipal de obras para a construción de peche de parcela sita na travesía Iria, no Lugar de Iria Flavia, con referencia catastral 8127313NH2382, expediente 88/2013, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados.

A presente licenza non exime do cumprimento do condicionado xeral e particular da resolución de data 12 de maio de 2016 da dirección de Augas de Galicia.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI) e SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO COMÚN (NU), solo urbano consolidado e solo rústico conforme o réxime transitorio establecido pola LOUG.

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: construción de peche perimetral de finca.

c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

d) Contía na que se orzan as obras: 1.985,55 euros.

e) Situación e emprazamento das obras: Travesía de Iria S/N, Padrón.

f) Nome ou razón social do promotor: D. Ángel Calviño Otero

g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.

h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Ángel Calviño Otero licenza municipal de obras para a construción de peche de parcela sita na travesía Iria, no Lugar de Iria Flavia, con referencia catastral 8127313NH2382, expediente 88/2013, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados.

A presente licenza non exime do cumprimento do condicionado xeral e particular da resolución de data 12 de maio de 2016 da dirección de Augas de Galicia.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI) e SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO COMÚN (NU), solo urbano consolidado e solo rústico conforme o réxime transitorio establecido pola LOUG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: construción de peche perimetral de finca.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 1.985,55 euros.
- e) Situación e emprazamento das obras: Travesía de Iria S/N, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Ángel Calviño Otero
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

6.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE INSTALACIÓN DE LÍNEA DE MEDIO TENSIÓN SOTERRADA E CENTRO DE TRANSFORMACIÓN NO LUGAR DE PICARAÑA, FORMULADA POR EXL QUINTAGLASS, SL. EXPEDIENTE 183/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de maio de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 30 de outubro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9308, solicitude de licenza municipal de obras para a instalación dunha liña de media tensión soterrada e dun centro de transformación no lugar de A Picaraña, en parcela con referencia catastral 9089103NH2398N0001FL, formulada por D. Francisco Quintá Cortiñas en representación da mercantil EXL QUINTAGLASS, S.L. Achégase coa solicitude "Separata del proyecto de LMTS, CT PICARAÑA" redactada e asinada por D. Juan Ramón Guijarro Castro, enxeñeiro industrial.

Segundo. En data 7 de abril de 2016 emítese requirimento ao interesado de documentación adicional necesaria para a tramitación da solicitude.

Terceiro. En data 22 de abril de 2016 o interesado achega a documentación adicional requirida.

Cuarto. En data 31 de maio de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas.

Quinto. En data 31 de maio de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como maior e a necesidade de aportación de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

Segundo. Artigo 194.2 da LOUG en canto á tramitación coma licenza municipal das obras que requiran a presentación dun proxecto técnico redactado por técnico competente.

Terceiro. Trátase da solicitude de licenza municipal de obras para a execución dunha canalización e a instalación dunha liña de media tensión e un centro de transformación para abastecemento eléctrico de varias naves industriais. Trátase dunha obra de certa entidade, dado que a nova conducción ten unha lonxitude prevista de trescentos metros de lonxitude, con instalación do centro soterrado e a apertura da correspondente gabiá.

Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística

e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Nembargantes, á data de presentación da primeira comunicación previa, e cando posteriormente se presenta unha nova solicitude coma licenza municipal de obras dada a demora na tramitación do expediente, a LOUG estaba plenamente vixente.

Tendo en conta ademáis que transcorriu sobradamente o prazo de tres meses para a resolución das solicitudes de licenza de obra cando se refiren a obras maiores, e en ausencia de réxime transitorio algún establecido pola nova lei, entendemos que procede tramitar o presente expediente ao abeiro da normativa aplicable no momento da solicitude, isto é, a LOUG, dado que requirir neste punto ao solicitante para que adapte a solicitude á nova normativa lle depararía un prexuízo e unha nova dilación na tramitación dun expediente que xa sufriu varias, e debemos ter en conta que a dilación na resolución do expediente non é atribuíble ao solicitante.

O indicado reflicte que a entidade das obras fan que sexa preceptiva a presentación dun proxecto técnico redactado por técnico competente, conforme ao disposto polo artigo 195.3 da LOUG. No presente caso cóntase co "Proyecto de LMTS CT Picaraña" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Juan Ramón Guijarro Castro, de data 22 de xullo de 2010, sen visar.

Visto o informe técnico favorable entendemos que o proxecto cumpre con tódalas condicións e pronunciamentos necesarios para documentar de forma axeitada o expediente. Conforme o expresado na LOUG, dende a súa presentación este proxecto pasa a ter a consideración de documento público e se constitúe no marco ao que se deberá cinguir a intervención, se ben deberáse condicionar o outorgamento da licenza á aportación dun exemplar visado

Cuarto. O terreo polo que vai discorrir a canalización proxectada, segundo o informe técnico municipal, está clasificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello coma SOLO URBANO INDUSTRIAL, UNIDADE DE ACTUACIÓN (UA) e SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO USO INDUSTRIAL (SUNP l)

O plan de ordenación municipal do Concello de Padrón, aprobado no ano 1994, non se atopa adaptado á LOUG, polo que se lle aplica o réxime transitorio definido por ésta para os municipios con planeamento non adaptado. No tocante ao solo clasificado polo plan coma solo urbano, lle resulta de aplicación o disposto pola LOUG para o solo urbano consolidado. municipal directa, sen necesidade de tramitación de autorización autonómica.


Con respecto aos terreos obxecto de unidade de actuación, estas figuras urbanísticas fan referencia a plans de desenvolvemento urbanístico, denominados instrumentos de planeamento de desenrolo, que terían que terse acometido para dotar dunha ordenación detallada a sectores para os que se prevé un crecemento urbanístico posterior á entrada en vigor do plan de ordenación xeral. Nembargantes, vinte anos despois da entrada en vigor do planeamento, non se procedeu á aprobación dos correspondentes planeamentos de desenrolo de tales sectores.

A entrada en vigor da LOUG significou que para estes sectores obxecto de unidades de actuación non desenroladas se outorgaba un prazo de tres anos para a aprobación dos instrumentos de ordenación correspondentes. Transcorrido o citado prazo tales solos pasaban a ter a consideración de solo urbano non consolidado.

Ao abeiro do referido no apartado d) da disposición transitoria primeira da LOUG, ao solo urbanizable non programado pasa a ter a consideración de solo urbanizable non delimitado, ao cal se lle aplicará o disposto para o solo rústico en tanto non se procede á súa delimitación e ordenación.

A regulación do solo urbano non consolidado indice en que este tipo de solo debe ser completado a través de planeamento de desenrolo, así coma o deber dos propietarios de completar os servizos urbanísticos. Así mesmo as infraestruturas de abastecemento eléctrico resultan un uso autorizable en solo rústico conforme o disposto polo artigo 33.2 a) da LOUG.

En canto ás condicións de edificación, visto o informe técnico favorable, entendemos que as obras



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

proxectadas resultan autorizables.

Quinto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a EXL QUINTAGLASS, S.L. Licenza municipal de obras para instalación dunha liña de media tensión soterrada e dun centro de transformación no lugar de A Picaraña, en parcela con referencia catastral 9089103NH2398N0001FL, conforme o "Proyecto de LMTS CT Picaraña" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Juan Ramón Guijarro Castro, de data 22 de xullo de 2010.

1. **Antes do inicio das obras deberá achegar un exemplar do proxecto técnico visado polo colexio profesional correspondente.**
2. O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
3. Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. A licenza non exime do cumprimento do condicionado xeral e particular das seguintes resolucións e autorizacións sectoriais:

- Resolución de data 30 de decembro de 2010 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña.

Terceiro. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO INDUSTRIAL, UNIDADE DE ACTUACIÓN (UA) e SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO USO INDUSTRIAL (SUNP I)
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: liña de media tensión soterrada e centro de transformación.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: non procede.
- d) Contía na que se orzan as obras: 89.104,42 euros.
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de A Picaraña, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: EXL QUINTAGLASS, S.L.
- g) Técnico autor do proxecto: Juan Ramón Guijarro Castro.
- h) Técnico director das obras: Eva Pérez Boullón
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza, e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sexto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais, así coma ao servizo municipal de Policía Local para o seu coñecemento e a adopción das medidas oportunas en canto á circulación na zona obxecto da intervención autorizada.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a EXL QUINTAGLASS. S.L. Licenza municipal de obras para instalación dunha liña de media tensión soterrada e dun centro de transformación no lugar de A Picaraña, en parcela con referencia catastral 9089103NH2398N0001FL, conforme o "Proyecto de LMTS CT Picaraña" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Juan Ramón Guijarro Castro, de data 22 de xullo de 2010.

1. **Antes do inicio das obras deberá achegar un exemplar do proxecto técnico visado polo colexio profesional correspondente.**
2. O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
3. Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. A licenza non exige do cumprimento do condicionado xeral e particular das seguintes resolucións e autorizacións sectoriais:

- Resolución de data 30 de decembro de 2010 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña.

Terceiro. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO INDUSTRIAL, UNIDADE DE ACTUACIÓN (UA) e SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO USO INDUSTRIAL (SUNP I)
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: liña de media tensión soterrada e centro de transformación.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: non procede.
- d) Contía na que se orzan as obras: 89.104,42 euros.
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de A Picaraña, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: EXL QUINTAGLASS, S.L.
- g) Técnico autor do proxecto: Juan Ramón Guijarro Castro.
- h) Técnico director das obras: Eva Pérez Boullón
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza, e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sexto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais, así coma ao servizo municipal de Policía Local para o seu coñecemento e a adopción das medidas oportunas en canto á circulación na zona obxecto da intervención autorizada.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

7.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE AMPLIACIÓN DE PORTAL DE GARAXE EN VIVENDA SITA NA RÚA DO CARMEN Nº 52, FORMULADA POR DON ÁNGEL LORENZO VIGO. EXPEDIENTE 26/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de maio de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 15 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1320, formulario de solicitude de licenza municipal de obras para ampliación de portal de garaxe en inmovible sito na rúa do Carmen nº 52, con referencia catastral 7720137NH2371N0001JU formulada por D. Ángel Lorezo Vigo. Adxúntase á solicitude fotografías, orzamento e datos catastrais.

Segundo. En data 10 de marzo de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras solicitadas en senso favorable, referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Terceiro. En data 14 de marzo de 2016 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña acompañada do informe técnico, aos efectos de tramitar a preceptiva autorización sectorial.

Cuarto. En data 13 de maio de 2016 ten entrada no Concello resolución de data 10 de maio de 2016 do xefe de servizo de coordinación da área cultural da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que informa favorablemente as obras solicitadas.

Quinto. En data 26 de maio de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Nembargantes, á data de presentación da solicitude de licenza de obras, a LOUG estaba plenamente vixente.

Tendo en conta ademáis que transcorriu sobradamente o prazo dun mes para a resolución das solicitudes de licenza de obra cando se refiren a obras menores, e en ausencia de réxime transitorio algún establecido pola nova lei, entendemos que procede tramitar o presente expediente ao abeiro da normativa aplicable no momento da solicitude, isto é, a LOUG, dado que requirir neste punto ao solicitante para que adapte a solicitude á nova normativa lle depararía un prexuízo e unha dilación na tramitación do expediente.

Segundo. A LOUG na súa redacción vixente no momento da solicitude de licenza, distingue entre o réxime normal de comunicación previa de obras para aquelas que non revisten unha especial complexidade e que non requiren a redacción dun proxecto de obras.

A intervención da que se trata neste caso consiste na ampliación do portal de acceso ao garaxe dun inmovible de uso residencial. De acordo co concluído no informe técnico, non se trata dunha intervención complexa, nin ten relevancia estrutural, polo que non precisaría da intervención dun técnico para a súa execución.

Por outra banda, coma se ten reflectido en outros informes, a necesidade de contar cun informe sectorial vinculante e previo en materia de protección do patrimonio histórico implica que a tramitación coma comunicación previa de obras resulte imposible dado que esta autorización non se pode aportar polo solicitante no momento da comunicación previa dado que require a súa tramitación a través do Concello co seu correspondente informe técnico municipal favorable, o cal equivale a tódolos efectos á tramitación coma licenza de obras.

Por todas estas razóns estimamos que procede tramitar o expediente coma licenza municipal previa de obras.

Terceiro. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) para os municipios con planeamento non adaptado á lei do solo nin á LOUG, se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada, máxime tendo en conta que se trata dunha obra de conservación nun edificio existente que segundo os datos catastrais foi construído no ano 1983. Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Quinto. A zona destinada á intervención está incluída dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito BIC dunha paraxe pintoresca, declarada polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón. Asimesmo o casco histórico da vila de Padrón ten acada a consideración de Conxunto Histórico.

O planeamento especial referido non chegou a ser desenrolado ata a data, polo que estas consideracións de orde patrimonial quedan sometidas ao réxime de autorización sectorial previa por parte do organismo autónomo competente en materia de patrimonio histórico, Competencia que neste caso se articula a través do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sección de Patrimonio.

Tramitouse perante a xefatura territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a correspondente autorización sectorial, e no presente caso se conta coa resolución de data 10 de maio de 2016 do xefe de servizo de coordinación da área cultural da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autoriza as obras solicitadas, polo que non existen impedimentos desta banda para o outorgamento da licenza solicitada.

Sexto. Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención pretendida.

Sétimo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Ángel Lorenzo Vigo licenza municipal de obras para ampliación de portal de garaxe en inmovible sito na rúa do Carmen nº 52, con referencia catastral 7720137NH2371N0001JU , expediente 26/2016/LU, conforme os datos e orzamentos presentados.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: ampliación de portal de acceso a garaxe.

c) Altura: a existente.

d) Volumes: Os existentes.

e) Contía na que se orzan as obras: 1.350,00 euros. (sen IVE)

f) Situación e emprazamento das obras: Rúa do Carme nº 52

g) Nome ou razón social do promotor: Ángel Lorenzo Vigo

h) Técnico autor do proxecto: non procede.

i) Técnico director das obras: non procede.

j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Ángel Lorenzo Vigo licenza municipal de obras para ampliación de portal de garaxe en inmovible sito na rúa do Carmen nº 52, con referencia catastral 7720137NH2371N0001JU , expediente 26/2016/LU, conforme os datos e orzamentos presentados.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: ampliación de portal de acceso a garaxe.

c) Altura: a existente.

d) Volumes: Os existentes.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

e) Contía na que se orzan as obras: 1.350,00 euros. (sen IVE)

f) Situación e emprazamento das obras: Rúa do Carme nº 52

g) Nome ou razón social do promotor: Ángel Lorenzo Vigo

h) Técnico autor do proxecto: non procede.

i) Técnico director das obras: non procede.

j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

8.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA REPARACIÓN DE CUBERTA E CANALÓN PERIMETRAL EN EDIFICIO SITO NO LUGAR DE IRIA FLAVIA Nº 131 (PORTALES 1, 2 E 3), FORMULADA POLA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO MAHÍA 11. EXPEDIENTE OBRAS 173/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de maio de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 8 de outubro do 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8701, formulario de solicitude de licenza municipal de obras para reparación de cuberta e substitución de canalón perimetral en edificio sito no lugar de Iria Flavia nº 131, con referencia catastral 8126407NH2382N0020DK, formulada por D^a Sonia Mariño Lens en representación da Comunidade de Propietarios do Edificio Mahía 11. Adxúntase á solicitude copia da acta da xunta xeral ordinaria da comunidade de propietarios do inmovible no que se designa coma presidenta a D^a Sonia Mariño Lens xunto con copia do seu DNI e da tarxeta de identificación fiscal da Comunidade de Propietarios, fotografías do estado da cuberta, datos catastrais e dous exemplares de "memoria valorada de reparación de cuberta y canalón perimetral" redactada por el arquitecto técnico D. Rubén Domínguez Villanueva e asinada en agosto de 2015, así coma estudio básico de seguridade redactado e asinado polo mesmo técnico en data 25 de agosto de 2015.

Segundo. En data 5 de novembro de 2015 ten entrada no Concello escrito da interesada solicitando a máxima urxencia na tramitación do expediente por mor das humidades que presentan determinadas vivendas.

Terceiro. En data 7 de decembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa as obras solicitadas en senso favorable, referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o

